

Informe sobre contradición entre os planos das Normas subsidiarias de planeamento na delimitación de ámbitos de solo de núcleo rural (Concello de Mazaricos – Expediente XCP-24/018)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 26.03.2024 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2024/1059834) oficio do alcalde de Mazaricos no que formula a seguinte consulta á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

"[...]

A partires de consultas realizadas por particulares, detéctanse discrepancias entre a delimitación dos núcleos grafada no plano 1:5000 de ordenación do termo municipal e nos planos 1:2000 de núcleos rurais de poboación. En ámbolos dous casos, obsérvase que no plano 1:5000 se grafa unha edificación que se recolle dentro da delimitación que no plano 1:2000 non aparece representada por un posible erro na planimetría. No caso exposto de Vilar de Castro existía unha edificación na parcela ata aproximadamente o ano 2000 en que se demoleu polo seu estado ruinoso. No caso de Lago, trátase das instalacións dunha explotación gandeira que datan de entre os anos oitenta e noventa. Daquela, enténdese que ao seren construcións existentes durante a época de redacción das normas subsidiarias, a intención fose a de recollelas dentro da clasificación de solo de núcleo rural. Porén, por algún erro na planimetría a escala 1:2000, na que non aparecen reflectidas, trazouse a liña de delimitación deixando fóra do núcleo estas construcións. ¿Podería considerarse un erro material a delimitación destes núcleos a escala 1:2000? Nese caso, que tramitación habería de levarse a cabo para emendar o erro?"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Mazaricos conta con Normas subsidiarias de planeamento (en adiante, NSP), aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña na sesión celebrada o 04.05.1995 e a súa normativa foi publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 21, do 26.01.1996.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (no sucesivo, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece no seu apartado segundo o seguinte:



"O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

[...]

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás o que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei".

O apartado 1 da disposición transitoria segunda do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (no sucesivo, RLSG), puntualiza que *"enténdese que resultan de aplicación neste caso as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido nos artigos 36 a 40"*.

TERCEIRA.- A consulta municipal refírese á existencia dunha disparidade, na delimitación dos núcleos rurais de Vilar e Lago, entre o plano núm. 9 denominado de "Ordenación" a escala 1/5000 das NSP e os planos referidos aos citados núcleos rurais a escala 1/2000.

A Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo pronunciouse sobre a incoherencia entre dous planos do plan xeral de ordenación municipal con respecto á clasificación dunha parcela no informe emitido o 27.06.2023 (XCP- 23/024 – Concello da Pobra do Caramiñal), publicado na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e dispoñible na seguinte ligazón:

<https://territorioeurbanismo.xunta.gal/gl/xunta-consultiva/informes-instruccion-estudios/relacion-informes-publicados>

En concordancia co manifestado no referido informe, a discrepancia entre o denominado plano de ordenación a escala 1/5000 e os planos de delimitación dos núcleos rurais a escala 1/2000 debe solventarse tendo en conta a finalidade específica e sentido de cada un dos citados planos, tal e como manifestou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, entre outras, na sentenza 00647/2011, do 30.06.2011 (núm. Recurso 4009/2008).

Así pois, a resolución da contradición interna entre a documentación gráfica das NSP exige ter en conta a vontade do planificador plasmada nas NSP.

Concretamente, o Título I da súa normativa refírese, entre outras cuestións, ao contido e valor dos elementos da documentación das NSP co seguinte teor literal:

"I. - O artigo 72.4 (S) do T.R. sinala que as presentes Normas Urbanísticas constitúen o documento número 4 das N.S. Xunto cos planos de Ordenación que as complementan, prevalecen sobor dos restantes documentos das N.S. para o que nelas se establece en canto ó desenrolo, xestión e execución do planeamento, delimitando o contido urbanístico do dereito de propiedade.

[...]

III. - Os Planos de Información proporcionan a información necesaria para a axeitada redacción das N.S., e constitúen a descripción da realidade que se quere modificar coas N.S.




IV- Os planos de Ordenación conteñen e expresan gráficamente as determinacións sustantivas das N.S., son a expresión xeométrica da vontade creadora de consecuencias xurídicas para acadar a transformación do territorio planificado.

V.- Os demais documentos e estudos sectoriais que completan o expediente técnico das N.S. teñen carácter informativo e manifestan cales foron os datos e estudos que serviron para fundamentar as propostas das N.S."

Por outra banda, a Ordenanza de solo non urbanizable de núcleo rural (NN) limita o seu ámbito de aplicación ás zonas delimitadas no correspondente Plano de zonificación como NN.

A delimitación de zonas como NN contense no plano de ordenación, non nos planos a escala 1/2000, tal e como se pode apreciar na súa lenda:



Consecuentemente, a delimitación dos núcleos de Vilar e Lago é a establecida no plano de ordenación, que prevalece, dada a súa finalidade específica de clasificación do solo, sobre os planos a escala 1/2000, que simplemente grafan a delimitación dos núcleos a unha escala maior.

CUARTA.- Exposto o que antecede, o concello consulta se a delimitación dos núcleos de Vilar e Lago representada nos planos a escala 1/2000 constitúe un erro material e, de ser o caso, que trámites deberían seguirse para a súa rectificación.

Con carácter xeral, o artigo 109 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, establece que as administracións poderán rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia de parte os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A rectificación de erros, a diferenza da revisión do planeamento e das modificacións de calquera dos seus elementos, non está suxeita ao mesmo procedemento previsto para a aprobación do dito instrumento.

Os requisitos que a xurisprudencia vén exixindo para apreciar a existencia dun erro material aparecen sintetizados na sentenza do Tribunal Supremo, Sala 3ª Sección 4ª do 18.06.2001, recurso de casación 2947/1993, na que se indica o seguinte:

"[...] para poder aplicar o mecanismo procedimental de rectificación de erros materiais ou de feito, requírese que concorran, en esencia, as seguintes circunstancias:

- 1) Que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripcións de documentos;
- 2) Que o erro se aprecie tendo que conta exclusivamente os datos do expediente administrativo no que se advirte;
- 3) Que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables;



- 4) Que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos;
- 5) Que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica);
- 6) Que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador deberá mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poda a Administración, so pretexto da súa potestade rectificadora de oficio, encubrir unha auténtica revisión; e
- 7) Que se aplique cun fondo criterio restritivo".

Non obstante o anterior, no suposto consultado non se considera imprescindible proceder á rectificación dos erros advertidos nos planos a escala 1/2000 referidos aos núcleos de Vilar e Lago polas circunstancias que se expoñen a continuación.

Por unha banda, ambos planos limítanse a grafar a delimitación dos núcleos a unha escala maior e o valor que lles outorga o Título I das NSP é meramente informativo.

E, por outra parte, a constatación do erro advertido nos planos a escala 1/2000 non constitúe un obstáculo para a preferente aplicación do plano de ordenación que, de acordo co mencionado Título I das NSP, constitúe "... a expresión xeométrica da vontade creadora de consecuencias xurídicas para acadar a transformación do territorio planificado" e a súa finalidade é a clasificación do solo.

En todo caso, corresponde ao concello, ao abeiro das súas competencias, analizar e valorar, á vista das consideracións anteriores e da documentación integrante do expediente das NSP, a procedencia de rectificar o erro detectado nos planos a escala 1/2000 referidos aos núcleos de Vilar e Lago.

CONCLUSIÓN:

- 1.- A delimitación dos núcleos rurais de Vilar e Lago é a establecida no plano de ordenación das NSP, que se aplica con preferencia, dada a súa finalidade específica de clasificación do solo, sobre os planos a escala 1/2000.
- 2.- Corresponde ao Concello de Mazaricos, ao abeiro das súas competencias, analizar e valorar, á vista das consideracións expostas na consideración xurídica cuarta deste informe e da documentación integrante do expediente das NSP, a posibilidade de rectificar o erro detectado nos planos a escala 1/2000 referidos aos núcleos de Vilar e Lago.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

